

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**19206** *Real decreto 1623/2011, do 14 de novembro, polo que se regulan os efectos da entrada en funcionamento do enlace entre o sistema eléctrico peninsular e o balear, e se modifican outras disposicións do sector eléctrico.*

En cumprimento do establecido na planificación dos sectores de gas e electricidade para o período 2008-2016, Red Eléctrica de España, S.A. levou a cabo o proxecto de construción do enlace eléctrico, que finalmente se concretou nunha liña submarina en corrente continua, tecnoloxía HVDC ( $\pm 250$  kV), entre as subestacións de Morvedre (Sagunt) e Santa Ponça (Calviá), mediante un tramo submarino de 237 km de lonxitude e unha profundidade máxima de 1.485 m, cuxa posta en servizo está prevista para o segundo semestre de 2011. Tal e como se expón no citado documento, o enlace eléctrico entre o arquipélago balear e a península ibérica supón unha opción alternativa ou complementaria para alcanzar o obxectivo de incrementar a garantía de subministración e permitir a integración do sistema eléctrico balear no mercado eléctrico peninsular.

A entrada en funcionamento deste cable de interconexión significa a conexión física do mercado ibérico de electricidade (MIBEL), no cal a actividade de xeración funciona en réxime de competencia, implantado conforme o marco de liberalización da subministración eléctrica establecido na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e nas súas disposicións de desenvolvemento, co sistema eléctrico balear, cun réxime de funcionamento da actividade de xeración definido mediante un despacho económico baseado en custos recoñecidos. Este sistema vén establecido no Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro, polo que se regulan os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares (SEIE), disposición que determina a regulación específica para estes sistemas eléctricos necesaria para recoller as súas singularidades e particularidades, ao abeiro do establecido no artigo 12 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Este novo escenario, en que un SEIE se conecta co sistema eléctrico peninsular, estaba xa recollido na Lei 54/1997, do 27 de decembro, do sector eléctrico, en concreto na súa disposición transitoria décimo quinta, dedicada aos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, na cal se establece que «Para a actividade de produción de enerxía eléctrica que se desenvolve nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares a que se refire o artigo 12 desta lei, establécese un período de transición á competencia ata o 31 de decembro do ano 2000 sempre que se manteñan illados do sistema eléctrico peninsular.»

Aínda que a data límite para a instauración de competencia nos SEIE se alcanzou sen que se fixese efectivo o novo modelo de competencia en xeración nestes sistemas a que se aludía na citada disposición transitoria décimo quinta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, débese entender que o período transitorio se estendeu de forma indefinida ata o momento en que un SEIE se conectase co sistema eléctrico peninsular.

Desta forma, a posta en servizo do enlace eléctrico entre a península ibérica e o arquipélago balear supón que o sistema eléctrico balear deixará de estar illado do sistema eléctrico peninsular, e que se inicia a integración da xeración do sistema eléctrico balear no MIBEL.

Porén, as singularidades do parque xerador do sistema eléctrico balear, cun mix de xeración máis caro que o sistema peninsular, unido ao feito de que o valor máximo de enerxía admisible a través do novo enlace eléctrico apenas representa o 20 por cento da demanda máxima do sistema eléctrico balear, configuran un escenario inapropiado para a plena integración a curto prazo da xeración deste sistema eléctrico no mercado ibérico de produción de enerxía eléctrica (MIBEL).

En consecuencia, procede definir un marco regulamentario de carácter transitorio para a xestión técnica e económica do enlace de conexión eléctrica entre o sistema eléctrico peninsular e o sistema eléctrico balear, así como para a liquidación da enerxía que circule a través del, que permita pór en valor desde o momento da súa entrada en servizo a principal contribución desta nova infraestrutura eléctrica, o apoio á garantía de subministración do sistema eléctrico balear, así como a súa contribución para reducir a diferenza de custo da enerxía eléctrica entre o sistema eléctrico balear e o sistema eléctrico peninsular.

Por todo o anterior, é necesario establecer as adaptacións das disposicións de desenvolvemento da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, necesarias para que a regulación recolla convenientemente os efectos da posta en servizo do cable de conexión entre o sistema eléctrico peninsular e o sistema eléctrico balear xa desde o primeiro momento da súa posta en servizo en fase de probas.

Para tal efecto, nesta disposición determínanse as especificidades de aplicación para o funcionamento do sistema de despacho económico do sistema eléctrico balear, ao mesmo tempo que se posibilita a súa participación no MIBEL a través do enlace entre o sistema eléctrico peninsular e o sistema eléctrico balear.

De igual forma, establécense as particularidades de aplicación no sistema eléctrico balear da Orde ITC/913/2006, do 30 marzo, pola que se aproba o método de cálculo do custo de cada un dos combustibles utilizados e o procedemento de despacho e liquidación da enerxía nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, así como da Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo, pola que se aproba o método de cálculo da retribución de garantía de potencia para as instalacións de xeración en réxime ordinario dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

Estas particularidades son necesarias para incluír a enerxía do enlace entre os sistemas eléctricos peninsular e balear na programación e na liquidación da enerxía. Establécese, así mesmo, o mandato ao operador do mercado e ao operador do sistema para que propoñan as modificacións das disposicións de menor rango tamén necesarias para fixar o réxime de operación técnica e económica desta nova infraestrutura eléctrica.

Finalmente, este real decreto introduce algunhas melloras no funcionamento do mecanismo de restricións por garantía de subministración unha vez superados os primeiros meses de funcionamento. Por isto, co obxectivo de dotar o mecanismo dun funcionamento máis eficiente no seu obxectivo de lograr a programación anual necesaria das centrais que son programadas para a prestación deste servizo, introdúcense algúns avances que redundan na consecución do obxectivo mencionado.

O real decreto foi obxecto de acordo previo coa Comunidade Autónoma das Illes Balears, tal como se exige no artigo 12 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e, por outra parte, o real decreto foi obxecto do preceptivo informe da Comisión Nacional de Enerxía, de acordo co establecido na disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e someteuse ao Consello Consultivo de Electricidade, cuxas observacións e comentarios, que se xuntan anexos ao informe da CNE 27/2011, do 22 de setembro, se tomaron en consideración para a elaboración deste, de acordo co establecido no 5.5 do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da CNE.

Así mesmo, a disposición transitoria cuarta e as disposicións derradeiras terceira e cuarta foron obxecto do informe 17/2011, do 2 de xuño, da CNE, logo de sometemento igualmente ao Consello Consultivo de Electricidade.

A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos coñeceu este real decreto na súa reunión do 6 de outubro de 2011.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto o establecemento das adaptacións necesarias na normativa do sistema de despacho económico do sistema eléctrico balear e do funcionamento do mercado diario e intradiario de produción de enerxía eléctrica do MIBEL, para permitir a integración da enerxía eléctrica a través do enlace entre os sistemas eléctricos peninsular e balear.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O disposto neste real decreto será de aplicación aos suxeitos que participen no despacho económico do sistema eléctrico balear e ao seu funcionamento, así como ao funcionamento do mercado diario e mercado intradiario do MIBEL, e aos mercados de servizos de axuste do sistema de produción de enerxía eléctrica do sistema eléctrico peninsular español.

Artigo 3. *Suxeitos do sistema eléctrico balear autorizados a participar no mercado diario e nos mercados intradiarios.*

1. Autorízanse os comercializadores e os consumidores directos do sistema eléctrico balear para a presentación de ofertas de venda e de adquisición de enerxía no mercado diario e no mercado intradiario de produción de enerxía eléctrica, a que se refiren os artigos 8 e 9 do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, para a programación da enerxía do enlace entre o sistema eléctrico peninsular e o sistema eléctrico balear, en aplicación do establecido no artigo seguinte.

O procedemento de venda de enerxía no mercado diario e no mercado intradiario de produción de enerxía eléctrica para a programación da enerxía do enlace entre o sistema eléctrico peninsular e o sistema eléctrico balear será establecido por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio. Ata a data de entrada en vigor desta orde, non se poderán efectuar ofertas de venda de enerxía nos mercados.

2. Para estes efectos, deberán adquirir a condición de axente do mercado conforme establece o artigo 7 do citado Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro.

Artigo 4. *Funcionamento do intercambio de enerxía eléctrica a través do enlace entre o sistema eléctrico balear e o sistema eléctrico peninsular.*

1. O operador do sistema determinará o valor de enerxía horario máximo que pode ser programado a través do enlace entre o sistema eléctrico balear e o sistema eléctrico peninsular, de tal forma que se garanta o cumprimento dos criterios de seguridade e fiabilidade establecidos na normativa vixente.

2. Para os efectos de determinar o programa horario de enerxía a través do enlace co sistema eléctrico peninsular, procederase do seguinte modo:

a) O operador do sistema determinará o despacho económico do sistema eléctrico balear de acordo coa previsión de demanda e coa orde de mérito económico dos custos recoñecidos das distintas unidades de produción no sistema eléctrico balear sen ter en conta a capacidade do enlace. Ao mesmo tempo, determinará a máxima enerxía que podería ser programada no mercado diario e, de ser o caso, no mercado intradiario, do intercambio de enerxía a través do enlace co sistema eléctrico peninsular.

Na determinación da orde de mérito económico terase en consideración aquela produción do sistema eléctrico balear que se deba manter especificamente por razóns de seguridade do sistema eléctrico. Neste caso, a subministración poderase instrumentar mediante indicación do operador do sistema aos comercializadores de último recurso de Baleares.

b) O operador do sistema, seguindo a orde de mérito establecida, determinará os volumes das ofertas de compra e venda de enerxía que os comercializadores e os consumidores directos no sistema eléctrico balear deberán presentar no mercado diario e, de ser o caso, no mercado intradiario, en proporción á súa cota de demanda, correspondentes ao programa de intercambio de enerxía a través do enlace co sistema eléctrico peninsular.

c) O operador do sistema comunicará aos comercializadores e aos consumidores directos no sistema eléctrico balear e ao operador de mercado, antes do peche do período de presentación de ofertas no mercado diario e intradiario, as cantidades e os prezos das ofertas que deberán presentar no mercado diario e intradiario para programar o intercambio de enerxía a través do enlace, que sexan compatibles cun despacho eficiente do sistema eléctrico balear e, de ser o caso, do peninsular. Por iso, as ofertas serán iguais ao custo variable recoñecido e á enerxía producible das unidades de produción máis caras de forma decrecente ata alcanzar a saturación do enlace ou do nivel de demanda. Pola contra, cando as expectativas de prezos reflectan que é eficiente que as unidades de xeración do sistema balear que non son despachadas para dar cobertura á demanda da illa deban participar no sistema peninsular, o operador do sistema así o comunicará ás unidades de mercado para que poidan presentar ofertas nos mercados diario e intradiario mantendo sempre a marxe de reserva adecuada para o sistema balear.

Para estes efectos, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio procederá á aprobación do mecanismo para a determinación do prezo e a cantidade de enerxía que se incluírá nas ofertas de venda e adquisición de enerxía, que será establecido nos correspondentes procedementos de operación, e preverá criterios de seguridade da subministración e de minimización do custo.

3. Os comercializadores e consumidores directos do sistema eléctrico balear deberán presentar as ofertas de compra e venda de enerxía no mercado diario e, de ser o caso, intradiario, para a programación do intercambio de enerxía a través do enlace co sistema eléctrico peninsular, polos volumes e prezos que lle indicase o operador do sistema con criterios de seguridade de subministración e mínimo custo. O incumprimento da presentación de ofertas por parte dos comercializadores e consumidores directos do sistema eléctrico balear será sancionable a teor do previsto no título X da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

4. O resultado da casación de ofertas determinará o programa de enerxía a través do enlace co sistema eléctrico peninsular.

5. O programa de intercambio, a través do enlace co sistema eléctrico peninsular, resultante tras a solución de restricións técnicas no sistema eléctrico peninsular, será incorporado ao despacho económico do sistema eléctrico balear interconectado.

6. O prezo da enerxía programada para cada período a través do enlace co sistema eléctrico peninsular será o correspondente ao prezo marxinal resultante da casación de ofertas na correspondente sesión do mercado.

#### Artigo 5. *Prezo final horario do sistema eléctrico balear.*

Para cada hora  $h$ , o operador do sistema publicará o valor do prezo final horario de xeración [PFG( $h$ )], a que fai referencia o artigo 8 do Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro, polo que se regulan os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, distinguindo entre o prezo marxinal horario da enerxía no mercado diario, o resultante do despacho económico antes de integrar o intercambio e o correspondente ao despacho económico co programa de intercambio de enerxía a través do enlace.

#### Artigo 6. *Particularidades do procedemento de liquidación da enerxía no sistema eléctrico balear.*

As adaptacións do procedemento de liquidación da enerxía no sistema eléctrico balear como consecuencia do intercambio de enerxía eléctrica a través do enlace entre o

sistema eléctrico balear e o sistema eléctrico peninsular establécense no anexo deste real decreto.

Por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio poderase modificar o citado anexo en función do desenvolvemento e da evolución dos intercambios de enerxía eléctrica a través do enlace entre o sistema eléctrico balear e o sistema eléctrico peninsular.

Disposición adicional primeira. *Peche de enerxía nos SEIE do sistema eléctrico.*

Consonte o previsto na disposición adicional quinta da Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo, desde o 1 de xullo de 2009, o peche da enerxía adquirida polos comercializadores e consumidores directos nos SEIE realízase segundo o disposto na disposición adicional segunda do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica.

Para tal efecto, a diferenza entre as perdas de transporte e distribución e as perdas estándares utilizadas no procedemento de balance do sistema eléctrico balear valorarase ao prezo do mercado diario e será considerada como ingreso ou custo liquidable do sistema, e como tal incluírase nas liquidacións das actividades reguladas. De igual forma, en caso de utilización do enlace no sentido arquipélago balear-península ibérica, a enerxía vendida no sistema eléctrico peninsular será tida en conta no cálculo do sobrecusto do sistema.

Nas liquidacións provisionais sen peche de medidas, o descuadramento de enerxía do sistema eléctrico balear a que se refire o artigo 11.3 da Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo, asignaráselles aos comercializadores e consumidores directos do sistema balear en proporción aos valores de enerxía programada remitidos por tales axentes ao operador do sistema. O peche de enerxía nos SEIE que estean conectados ao sistema eléctrico peninsular calcularase incluíndo as perdas de transporte no enlace co sistema eléctrico peninsular.

Disposición adicional segunda. *Adaptación dos procedementos de operación e das regras de funcionamento do mercado diario e intradiario de produción de enerxía eléctrica para integrar na regulación o enlace entre o sistema eléctrico peninsular e o sistema eléctrico balear.*

No prazo dun mes a partir da entrada en vigor deste real decreto, o operador do sistema remitirá ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio unha proposta de modificación dos procedementos de operación do sistema eléctrico peninsular e dos SEIE, así como da Resolución do 22 de maio de 2009, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se aproban as regras do sistema de liquidacións e garantías de pagamento dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, cuxo contido sexa necesario modificar para recoller os efectos da entrada en servizo do enlace entre o sistema eléctrico peninsular e o sistema eléctrico balear.

Así mesmo, no mesmo prazo e para os mesmos efectos sinalados no parágrafo anterior, o operador do mercado remitirá ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio unha proposta de modificación das regras de funcionamento do mercado diario e intradiario de produción de enerxía eléctrica que se deban modificar para recoller a entrada en servizo do enlace entre o sistema eléctrico peninsular e o sistema eléctrico balear.

Disposición adicional terceira. *Revisión dos índices de cobertura máximos do sistema balear.*

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas revisará os índices de cobertura máximos do sistema balear tendo en conta a entrada en funcionamento do enlace eléctrico co sistema peninsular. Para estes efectos o operador do sistema remitirá, no prazo máximo de dous meses, unha proposta á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Disposición transitoria primeira. *Período transitorio de suxeitos autorizados para a presentación de ofertas de compra e venda de enerxía no mercado diario e intradiario.*

1. Ata que se revise o calendario dos consumidores con dereito a acollerse ás tarifas de último recurso, calquera que sexa esta modificación, serán só os comercializadores de último recurso que estean subministrando electricidade no sistema eléctrico balear os que, ata a proporción á súa demanda no citado sistema, deberán presentar as ofertas de compra e, de ser o caso, de venda de enerxía no mercado diario e, de ser o caso, intradiario, para a programación de enerxía a través do enlace co sistema eléctrico peninsular, polas cantidades e prezos que indicase o operador do sistema.

2. Mentres non se conecte electricamente o subsistema Mallorca-Menorca co resto dos subsistemas do sistema balear, as referencias realizadas ao sistema balear débense entender con respecto ao subsistema Mallorca-Menorca.

Disposición transitoria segunda. *Programación horaria de enerxía a través do enlace entre o sistema eléctrico balear e o sistema eléctrico peninsular durante o período de probas deste enlace.*

1. Para os efectos de determinar o programa horario de enerxía a través deste enlace durante o seu período de probas, o operador do sistema comunicará aos comercializadores de último recurso no sistema eléctrico balear e ao operador do mercado, antes do peche do período de recepción de ofertas no mercado diario, as cantidades das ofertas prezo aceptantes que estes deberán presentar no mercado diario para a programación do intercambio de enerxía a través do enlace, necesario para a realización de tales probas.

2. Durante este período de probas, a enerxía que discorra a través do enlace entre o sistema eléctrico peninsular e o sistema eléctrico balear será considerada como perdas do sistema eléctrico peninsular, que serán valoradas ao prezo do mercado diario.

Disposición transitoria terceira. *Adecuación de equipamentos nos puntos fronteira entre transporte e distribución nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.*

Os responsables dos puntos fronteira entre transporte e distribución, en cada un dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, deberán adecuar eses puntos fronteiras ao cumprimento do regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, antes do 31 de decembro de 2014.

Disposición transitoria cuarta. *Aplicación do artigo 15 do Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto.*

1. Os participantes nas medidas e os encargados da lectura en relación con aquelas medidas posteriores ao 30 de xuño de 2009 que fosen obxecto de liquidacións efectuadas polo operador do sistema que adquirisen a condición de definitivas con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto, disporán dun prazo de 120 días desde esa data para comunicar as obxeccións ou erros materiais a que se refire o artigo 15 do Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto.

2. O operador do sistema comunicará ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía, no prazo de 120 días desde a entrada en vigor deste real decreto, os incumprimentos por parte dos encargados de lectura das obrigas establecidas no Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, e na súa normativa de desenvolvemento, en relación co envío de datos de medidas posteriores ao 30 de xuño de 2009 que fosen obxecto de liquidacións efectuadas polo citado operador do sistema que adquirisen a condición de definitivas. Neste caso, aplicarase o disposto no número 5 do artigo 15 do citado Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2012 suprímese a alínea a) do artigo 5.2 do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.*

Modifícase o Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, nos seguintes termos:

Un. A disposición adicional única pasa a ser disposición adicional primeira.

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Utilización da rede de transporte por importacións e exportacións a países terceiros.*

1. Aos suxeitos que realicen importacións de enerxía eléctrica que teñan a súa orixe en países terceiros que non sexan membros da Unión Europea seralles de aplicación a peaxe de acceso de conexións internacionais 6.5 que se determina neste real decreto.

2. Habilítase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar as disposicións necesarias para o establecemento e revisión das contías da peaxe de acceso de conexións internacionais 6.5, para o que se terá en consideración o establecido na normativa da Unión Europea.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico.*

O artigo 15 do Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Corrección de rexistros de medidas.*

1. As incidencias xustificadas dos equipamentos de medida que se definan de acordo co disposto neste regulamento ou en desenvolvemento deste, darán lugar a novos rexistros de medida que poderán conducir a novas liquidacións e, de ser o caso, a novas facturacións a consumidores e produtores. Cando sexa posible determinar a data en que se produciu a incidencia, as correccións aplicaranse desde esa data. En ningún caso as correccións poderán estenderse máis alá dos doce meses anteriores á petición da verificación ou á detección da incidencia.

Non se considerarán incidencias dos equipamentos de medida os incumprimentos por parte dos suxeitos das súas obrigas en aplicación do disposto neste real decreto.

En ningún caso as novas liquidacións darán lugar á modificación das liquidacións efectuadas polo operador do sistema que adquirisen a condición de definitivas segundo o establecido nos correspondentes procedementos de operación. Neste suposto, as liquidacións novas realizaranse de acordo co que para tal efecto se estableza nos procedementos de operación do sistema, tomando como base o prezo final horario correspondente. Os cobramentos ou pagamentos que resulten desa liquidación facturaranse de acordo co seguinte:

a) No caso de consumidores, os cobramentos ou pagamentos liquidaranse entre o distribuidor encargado da lectura e o comercializador que corresponda, quen os considerará na facturación dos consumidores afectados.

b) No caso de xeradores de réxime especial, os cobramentos ou pagamentos liquidaranse entre o distribuidor pertencente ao mesmo grupo empresarial que o representante de último recurso que lle correspondería ao xerador segundo o disposto na disposición adicional sétima do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica, e o produtor en réxime especial, ou o seu representante, quen os considerará na facturación dos produtores afectados.

c) No caso de xeradores de réxime ordinario, os cobramentos ou pagamentos facturaranse co transportista ou co distribuidor a cuxas redes estea conectado, segundo corresponda.

d) No caso de fronteiras entre dúas distribuidoras, os cobramentos ou pagamentos efectuaranse entre ambas ao prezo de perdas definido na Orde ITC/2524/2009, do 8 de setembro, pola que se regula o método de cálculo do incentivo ou penalización para a redución de perdas que se aplicarán á retribución da distribución para cada unha das empresas distribuidoras de enerxía eléctrica.

2. O disposto no número anterior será igualmente de aplicación aos casos en que un participante nunha medida comunique ao encargado da lectura unha obxección con posterioridade ao peche de medidas realizado para a liquidación definitiva, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que a obxección non fose desestimada no proceso de peche de medidas previsto nos procedementos de operación ou que o encargado da lectura certifique que a obxección tería sido estimada se se presentase no prazo e na forma establecidos para o proceso de peche de medidas;

b) Que o encargado da lectura certifique a cantidade de enerxía corrixida;

c) Que a obxección se comunique ao encargado da lectura nun prazo máximo de 120 días contado desde o día de publicación do peche de medidas definitivo;

d) Que a diferenza coa medida correspondente ao peche sexa maior do 20% ou superior a 1 GWh. Este límite aplicarase a medidas individualizadas para os puntos fronteira tipo 1 e 2 e a agregacións para os puntos fronteira tipo 3, 4 e 5.

e) Que a obxección se comunique conforme o disposto nos procedementos de operación para este tipo de obxeccións realizadas con carácter posterior ao peche.

3. O disposto no primeiro punto deste artigo será igualmente de aplicación aos casos en que o encargado de lectura detecte un erro na medida con posterioridade ao peche de medidas realizado para a liquidación definitiva, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que a detección do erro se produza nun prazo máximo de 120 días contado desde o día de publicación do peche de medidas definitivo;

b) Que a diferenza coa medida do peche sexa maior do 20% ou superior a 1 GWh. Este límite aplicarase a medidas individualizadas para os puntos fronteira tipo 1 e 2 e a agregacións para os puntos fronteira tipo 3, 4 e 5.



4. O disposto no primeiro punto deste artigo será igualmente de aplicación aos casos en que se detecte un erro na medida con posterioridade ao peche de medidas realizado para a liquidación definitiva por inspeccións realizadas pola Comisión Nacional de Enerxía.

5. O operador do sistema comunicará ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía os incumprimentos por parte dos encargados de lectura de calquera das obrigas recollidas neste real decreto e na súa normativa de desenvolvemento, en relación co envío de datos de medidas que fosen obxecto de liquidacións efectuadas polo citado operador do sistema que adquirisen a condición de definitivas.

Á vista da información anterior, a Comisión Nacional de Enerxía realizará as inspeccións necesarias para verificar os incumprimentos detectados. Así mesmo, poderá incoar os expedientes que correspondan co fin de determinar se os incumprimentos constitúen infracción segundo o título X da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

6. En caso de aplicación do disposto nos números 2, 3 e 4 deste artigo, ao prezo final horario correspondente aplicaráselle unha recarga que se determinará nos procedementos de operación do sistema.

Os novos rexistros de medidas consecuencia destas correccións deberán ser postos á disposición da Comisión Nacional de Enerxía, no ámbito das súas competencias, e do operador do sistema como responsable do sistema de medidas do sistema eléctrico, e este último deberá informar o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

7. O saldo resultante da diferenza entre os ingresos e pagamentos efectuados polo transportista ou polo distribuidor en aplicación do presente artigo terá a consideración de ingreso ou custo liquidable do sistema para os efectos previstos no Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro. No caso dos distribuidores terase en conta no cálculo anterior o saldo que se obtería destes ingresos e pagamentos ao prezo de perdas definido na Orde ITC/2524/2009, do 8 de setembro.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 222/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece o réxime retributivo da actividade de distribución de enerxía eléctrica.*

Modifícase o número 3 do artigo 9 do Real decreto 222/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece o réxime retributivo da actividade de distribución de enerxía eléctrica, que queda redactado como segue:

«3. En todos os casos de instalacións de nova extensión de rede, as condicións técnico-económicas sobre o nivel de tensión, o punto de conexión e a solución de alimentación eléctrica para as novas subministracións serán determinadas polo xestor da rede de distribución, que deberá ter en conta criterios de desenvolvemento e de operación ao mínimo custo das redes de distribución, garantindo a calidade de subministración. O solicitante da nova subministración terá dereito a que a empresa subministradora lle xustifique as causas de elección do punto e da tensión de conexión. En caso de discrepancia entre o solicitante da subministración e o xestor da rede de distribución, resolverá o órgano correspondente da Administración competente. Para tales efectos, o xestor da rede de distribución deberá aplicar as normas técnicas, construtivas e de operación que se deberán ter en conta neses desenvolvementos, contidas nos correspondentes procedementos de operación da actividade de distribución de enerxía eléctrica e normas particulares aprobadas pola Administración competente.

Cando as novas instalacións de extensión de redes poidan ser executadas por varios distribuidores existentes na zona, a Administración competente determinará, seguindo criterios de mínimo custo, con carácter previo á súa execución, cal deles debe asumir esas instalacións como activos da súa rede de distribución.

As instalacións de nova extensión de rede necesarias para atender novas subministracións ou ampliación das existentes de ata 100 kW en baixa tensión e 250 kW en alta tensión, en solo urbanizado que, con carácter previo á necesidade de subministración eléctrica, conte coas dotacións e servizos requiridos pola lexislación urbanística, definido segundo o establecido no artigo 12.3 do texto refundido da Lei de solo, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, serán realizadas pola empresa distribuidora da zona, e darán lugar á aplicación dos correspondentes dereitos de extensión sempre que non estean incluídas dentro do correspondente plan de investimento. A contía dos dereitos aplicables será remitida ao solicitante nos prazos establecidos no artigo 103 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, contado desde a presentación da solicitude. As modificacións consecuencia dos incrementos de potencia solicitados nun prazo inferior a tres anos consideraranse de forma acumulativa para os efectos do cómputo de potencia e serán custeadas, de ser o caso, polo solicitante, tendo en conta os pagamentos efectuados por dereitos de acometida durante ese período.

Para o resto de instalacións de nova extensión necesarias para atender as solicitudes de novas subministracións ou ampliación das existentes, con base nas condicións técnicas e económicas a que se refire o número 3 deste artigo, o custo será por conta dos seus solicitantes, sen que proceda o cobramento de dereitos de extensión.

Unha vez efectuada a solicitude, o distribuidor deberá presentar ao solicitante nos prazos establecidos no artigo 103 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, un prego de condicións técnicas e un orzamento económico en documentos separados, que deberán contar co seguinte detalle:

a) Prego de condicións técnicas:

1.º Traballos de reforzo, adecuación, adaptación ou reforma de instalacións da rede de distribución existente en servizo, sempre que estes sexan necesarios para incorporar ás novas instalacións.

Os traballos detallados neste punto serán realizados polo distribuidor ao ser este o propietario desas redes e por razóns de seguridade, fiabilidade e calidade da subministración.

2.º Traballos necesarios para a nova extensión de rede.

Os traballos referidos neste punto poderán ser executados por requirimento do solicitante por calquera empresa instaladora legalmente autorizada ou pola empresa distribuidora.

b) Orzamento:

1.º Orzamento detallado segundo a desagregación recollida no prego de condicións técnicas dos traballos correspondentes a reforzos, adecuacións, adaptacións ou reformas de instalacións da rede de distribución existente en servizo, necesarios para incorporar ás novas instalacións. Este orzamento deberá pormenorizar, de acordo co establecido nos correspondentes procedementos de operación de distribución, que conceptos deberán ser aboados polo solicitante e cales serán por conta da empresa distribuidora.

2.º Orzamento detallado segundo a desagregación recollida no prego de condicións técnicas dos traballos necesarios para a nova extensión de rede.

A empresa distribuidora deberá facer constar de maneira expresa no orzamento que esas instalacións poderán ser executadas ben pola empresa distribuidora, ben por un instalador autorizado, que deberá levar a cabo a instalación de acordo coas condicións detalladas no prego de prescricións técnicas, coas condicións técnicas

e de seguridade regulamentarias e coas establecidas pola empresa distribuidora e aprobadas pola Administración competente.

No caso de que o solicitante decida que a empresa distribuidora execute os traballos, deberallo comunicar de maneira expresa a esta no prazo de tres meses contado desde a recepción do orzamento.

Igualmente, se o solicitante decide que sexa calquera outra empresa instaladora legalmente autorizada a que execute os traballos, deberallo comunicar á empresa distribuidora no prazo de tres meses contado desde a recepción do orzamento.

As instalacións de nova extensión de rede que vaian ser utilizadas por máis dun consumidor e sexan realizadas directamente polo solicitante, deberán ser cedidas ao distribuidor da zona, excepto se o solicitante é unha empresa distribuidora, que se responsabilizará desde ese momento da súa operación e mantemento. Cando existan varias empresas distribuidoras na zona ás cales poidan ser cedidas as instalacións, a Administración competente determinará a cal desas empresas distribuidoras deberán ser cedidas, con carácter previo á súa execución e seguindo criterios de mínimo custo. O titular da instalación poderá exixir a subscripción dun convenio de resarcimento fronte a terceiros, por unha vixencia mínima de dez anos, quedando a infraestrutura aberta ao uso de terceiros. Este período mínimo de dez anos poderá ser ampliado excepcionalmente polo órgano correspondente da Administración competente en casos debidamente xustificadas. Os referidos convenios deberán ser postos en coñecemento da Administración competente, xuntándose á documentación da solicitude de autorización administrativa de transmisión da instalación.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto 134/2010, do 12 de febreiro, polo que se establece o procedemento de resolución de restricións por garantía de subministración e se modifica o Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e se regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.*

Modifícase o Real decreto 134/2010, do 12 de febreiro, polo que se establece o procedemento de resolución de restricións por garantía de subministración e se modifica o Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e se regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo punto sétimo no anexo I:

«Sétimo. Medidas adicionais para conseguir o cumprimento dos obxectivos previstos para o ano 2011.

1. Os grupos incluídos no plan de funcionamento diario a que fai referencia este anexo terán dereito ao correspondente custo unitario de xeración con respecto ao prezo medio resultante de todas as súas transaccións nos mercados de xestión de desvíos, regulación terciaria e no mercado intradiario, aplicado ao incremento neto de programa nos ditos mercados producido de forma efectiva e que non supere o plan de funcionamento actualizado diario.

2. Os grupos incluídos no plan de funcionamento diario actualizado a que fai referencia o presente anexo estarán obrigados a incorporar un prezo igual a 0 €/MWh nas ofertas de enerxía a baixar presentadas nos mercados de xestión de desvíos e de regulación terciaria, e ao custo variable establecido pola Secretaría de Estado de Enerxía, nos mercados a subir de xestión de desvíos e de regulación terciaria e nos mercados intradiarios ata os valores de produción incluídos no plan de funcionamento diario actualizado.

3. No proceso de solución dos desequilibrios entre produción e demanda derivados da resolución de restricións por garantía de subministración, participarán tamén os programas de enerxía das unidades que teñan unicamente programa no PDBF nun ou varios dos tres primeiros períodos horarios que constitúen o horizonte

diario de programación, a modo de rampla descendente de carga asociada a un proceso de desacoplamento da unidade.

4. Nos correspondentes procedementos de operación estableceranse os criterios necesarios para determinar os dereitos de cobramento e as obrigas de pagamento anteriores.»

Dous. O punto 3 do anexo II queda redactado como segue:

«3. Metodoloxía de cálculo dos prezos de retribución da enerxía.

3.1 Os prezos de retribución da enerxía das centrais obrigadas a participar no proceso de resolución de restricións por garantía de subministración corresponderanse co custo unitario de xeración do grupo para unha produción anual correspondente ao volume máximo de produción anual programable por garantía de subministración.

Para dar cumprimento ao establecido no punto 3 do artigo único deste real decreto, os titulares das centrais que estean incluídas no plan de funcionamento actualizado para a resolución de restricións por garantía de subministración poderán presentar ao mercado diario a condición complexa de ingresos mínimos, sen outras condicións complexas adicionais, coas seguintes características:

- a) O termo variable da oferta será o custo variable regulado en euros/MWh.
- b) O termo fixo será igual a 0 euros.
- c) O primeiro bloque de enerxía corresponderá cando menos ao plan semanal de funcionamento actualizado e ofertarase ao custo variable regulado en euros/MWh.

No caso en que non se utilice esta condición complexa, o primeiro bloque de enerxía corresponderá cando menos ao plan semanal de funcionamento actualizado e ofertarase ao custo variable regulado en euros/MWh.

Ás centrais incluídas neste anexo non lles serán de aplicación as condicións dos parágrafos segundo e terceiro da regra 28.1.2.2 de funcionamento do mercado de produción de enerxía eléctrica, cando se encontren incluídas no plan de funcionamento actualizado.

Cando as centrais obrigadas a participar no proceso de resolución de restricións por garantía de subministración resulten programadas polo operador do sistema para a implementación do mecanismo de restricións por garantía de subministración, a enerxía producida xerará un dereito de cobramento do titular da central no proceso de liquidación das restricións por garantía de subministración, con cargo aos pagamentos por capacidade igual ao produto do custo unitario que se fixe para a central pola enerxía realmente programada no proceso. Os titulares das centrais programadas no mercado diario base de funcionamento cuxa enerxía teña que ser retirada do programa pola activación do mecanismo terán unha obriga de pagamento igual ao produto do prezo do mercado diario pola enerxía desprazada.

Cando algunha destas centrais obrigadas a participar no proceso de resolución de restricións por garantía de subministración resulte programada no mercado diario e non se alcanzase o volume máximo de produción anual programado, xerará un dereito de cobramento ou, de ser o caso, unha obriga de pagamento, pola diferenza entre o prezo do mercado diario e o custo regulado, pola enerxía programada dentro do plan de funcionamento actualizado.

Esta enerxía producida terase en conta á hora de determinar a enerxía pendente para alcanzar o volume máximo de produción para cada ano que pode ser programada no proceso de resolución de restricións por garantía de subministración.»

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira sétima. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións de desenvolvemento que resulten indispensables para asegurar a adecuada aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio  
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

## ANEXO

**Particularidades do procedemento de liquidación da enerxía no sistema eléctrico balear***1. Información que se deberá utilizar para realizar as liquidacións*

Para realizar a liquidación económica das enerxías utilizarase, ademais da información relativa a custos, prezos e enerxías establecida no artigo 8 da Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo, pola que se aproban o método de cálculo do custo de cada un dos combustibles utilizados e o procedemento de despacho e liquidación da enerxía nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, a seguinte información:

1. Enerxía horaria liquidada aos comercializadores e aos consumidores directos e produtores no MIBEL polas adquisicións e vendas a través do enlace co sistema eléctrico peninsular.

2. Importe horario liquidado aos comercializadores e consumidores directos do sistema eléctrico balear polas adquisicións e vendas de enerxía no MIBEL a través do enlace dispoñible co sistema eléctrico peninsular.

*2. Obriga de pagamento pola enerxía adquirida polas empresas comercializadoras e polos consumidores directos aos produtores do despacho*

Cada unha das empresas comercializadoras e consumidores directos c do sistema eléctrico balear j terá unha obriga de pagamento pola súa adquisición de enerxía que se calculará segundo a seguinte expresión:

$$CAC(c,h,j) = [EDC(c,h,j) - EMIBEL(c,h,j)] \times PMCP(h)$$

Onde:

CAC(c,h,j): custo da enerxía adquirida pola empresa comercializadora e polo consumidor directo c do sistema eléctrico balear j na hora h aos produtores do despacho.

EDC(c,h,j): enerxía adquirida pola empresa comercializadora e polo consumidor directo c do sistema eléctrico balear j na hora h. O valor desta enerxía calcularase na forma establecida no número 2 do artigo 11 da Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo.

EMIBEL(c,h,j): enerxía horaria liquidada aos comercializadores e aos consumidores directos polas adquisicións e vendas no MIBEL, tanto na liquidación do operador do mercado como na liquidación peninsular do operador do sistema.

PMCP(h): prezo medio final de adquisición da enerxía para os consumidores directos e comercializadores que adquiren a súa enerxía para clientes finais nacionais directamente no mercado de produción no sistema eléctrico peninsular na hora h, excluídos os pagamentos por capacidade e o custo dos desvíos.

De acordo co establecido no artigo 11 do Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro, a Comunidade Autónoma das Illes Balears poderá establecer unha adaptación do prezo horario peninsular ao que compran os comercializadores e consumidores directos á estrutura estacional da demanda no seu ámbito territorial, caso en que os valores de PMCP(h) se obterían en función do establecido na disposición que regule a citada adaptación de prezos.

No cálculo da obriga de pagamento pola adquisición de enerxía definido neste punto non será de aplicación o prezo indicado aos comercializadores de último recurso no sistema eléctrico balear pola enerxía eléctrica que adquiren no despacho de tal sistema para a subministración aos seus consumidores de último recurso. O prezo de adquisición desta enerxía será o establecido na disposición adicional décimo quinta do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica.

3. *Obriga do pagamento por axuste por diferenza de prezo da enerxía adquirida polas empresas comercializadoras e polos consumidores directos no MIBEL*

As empresas comercializadoras e consumidores directos do sistema eléctrico balear que pagasen directamente ao mercado Spot Ibérico o custo da enerxía adquirida no MIBEL, terán unha obriga de pagamento como axuste da diferenza de prezos entre o prezo de adquisición no MIBEL e o prezo final de adquisición, que se calculará segundo a seguinte expresión:

$$CAJC(c,h,j) = EMIBEL(c,h,j) \times PMCP(h) - IMPMIBEL(c,h,j)$$

Onde:

CAJC(c,h,j): axuste por diferenza de prezos da enerxía adquirida pola empresa comercializadora e polo consumidor directo c do sistema eléctrico balear j na hora h no MIBEL.

IMPMIBEL(c,h,j): importe horario liquidado aos comercializadores e aos consumidores directos do sistema eléctrico balear j na hora h no MIBEL, tanto na liquidación do operador do mercado como na liquidación peninsular do operador do sistema.

PMCP(h): prezo medio final de adquisición da enerxía para os consumidores directos e comercializadores que adquiren a súa enerxía para clientes finais nacionais directamente no mercado de produción no sistema eléctrico peninsular na hora h, excluídos os pagamentos por capacidade e o custo dos desvíos.

No caso de comercializadores de último recurso, en lugar do PMCP(h), o prezo será o establecido na disposición adicional décimo quinta do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica.

Como resultado da suma dos importes liquidados no despacho balear aos comercializadores de último recurso, termos CAC(c,h,j) e CAJC(c,h,j), e dos importes liquidados a eles no sistema peninsular, termo IMPMIBEL(c,h,j), o custo final de adquisición dos comercializadores de último recurso no sistema balear será o establecido na disposición adicional décimo quinta do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica.

4. *Déficit/superávit entre custos de xeración e custos de adquisición*

A metodoloxía de liquidación da enerxía ten por obxecto liquidar ás empresas xeradoras os seus custos de produción cos importes satisfeitos polos axentes compradores pola enerxía adquirida.

A bolsa composta pola agregación dos custos de xeración de todos os grupos de xeración en réxime ordinario e a valoración da enerxía xerada polos grupos en réxime especial que participan no despacho económico tendo en conta o prezo final horario de xeración, PFG(h), do sistema eléctrico balear j será a seguinte:

$$BOLSAG(h) = \sum_{j=1}^J \sum_{i=1}^I cg(i, h, j) + \sum_{j=1}^J \sum_{e=1}^E DCRE(e, h, j)$$

Onde DCRE (e,h,j) é o valor que se liquidará na hora h ao xerador en réxime especial do sistema eléctrico balear j pola enerxía xerada, a que se refire o número 9 do artigo 12 da Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo.

A bolsa composta pola agregación dos custos de adquisición de enerxía de todos os comercializadores e consumidores do sistema eléctrico balear j será a seguinte:

$$BOLSAA(h) = \sum_j \sum_c CAC(c, h, j) + \sum_j \sum_c CAJC(c, h, j) + \sum_j \sum_c CAG(e, h, j)$$

Os valores de BOLSAG (h) e BOLSAA (h) son diferentes debido a que os comercializadores e os consumidores que adquiren directamente a enerxía no despacho adquiren a súa enerxía aos respectivos prezos medios de adquisición resultantes para estes axentes no mercado de produción peninsular. En consecuencia, xérase un desequilibrio entre os importes de ambas as bolsas (D/S (h)) no sistema eléctrico balear, que poderá ser positivo ou negativo e cuxo importe se obtén da forma seguinte:

$$D/S(h) = BOLSAA(h) - BOLSAG(h)$$

### 5. *Peche de enerxía*

Nas liquidacións sen peche de medidas, o descadramento de enerxía do sistema eléctrico balear j asignarase aos comercializadores e consumidores directos en proporción aos seus programas de enerxía segundo o indicado no número 3 do artigo 11 da Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo.

Nas liquidacións con peche de medidas, o peche de enerxía, PECHE(h,j), do sistema eléctrico balear j na hora h, calcúlase como a diferenza entre as perdas de transporte e distribución e as perdas estándares calculadas no sistema eléctrico balear, segundo o establecido na disposición adicional segunda do Real decreto 485/2009, do 3 de abril.

$$PECHE(h,j) = PRTD(h,j) - \sum_{ta} \sum_{nt} [ MPFC_{c,nt,ta} \times CPER_{nt,ta} ]$$

As perdas reais de transporte e distribución obtéñense como a diferenza entre toda a xeración e toda a demanda en punto fronteira de consumo para obter o balance de enerxía do sistema eléctrico balear j.

$$\sum_e e(e,h,j) + \sum_{ta} \sum_{nt} MPFC_{c,nt,ta} + PRTD(h,j) = 0$$

Por tanto, o peche de enerxía do sistema eléctrico balear j calcúlase segundo a fórmula seguinte, como a diferenza entre toda a medida de xeración e toda a medida de demanda elevada a barras de central.

$$PECHE(h,j) = -\sum_e e(e,h,j) - ECABLE(h,j) - \sum_{ta} \sum_{nt} MPFC_{c,nt,ta} - \sum_{ta} \sum_{nt} [ MPFC_{c,nt,ta} \times CPER_{nt,ta} ]$$

$$PECHE(h,j) = -\sum_e e(e,h,j) - ECABLE(h,j) - \sum_c EDC(c,h,j)$$

ECABLE (h,j) é a enerxía subministrada a través do cable eléctrico de interconexión entre o sistema eléctrico peninsular e o sistema eléctrico balear medida no punto fronteira coa península, con valor positivo se é subministración desde a península ao sistema eléctrico balear j e con valor negativo se é en sentido contrario.

$$ECABLE(h,j) = \sum_c EOMEL(c,h,j) + \sum_c RTCABLE(c,h,j) + \sum_c DSVKABLE(c,h,j)$$

$$ECABLE(h,j) = \sum_c EMIBEL(c,h,j)$$

Onde:

EOMEL (c,h,j): saldo total de enerxía adquirida ou vendida no mercado diario e, de ser o caso, no mercado intradiario na hora h para o sistema eléctrico balear j, liquidado ao comercializador e consumidor directo c do sistema eléctrico balear j.

RTCABLE(c,h,j): saldo total de enerxía redespachada por restricións ao PBF, ao mercado intradiario ou en tempo real na hora h para o sistema eléctrico balear j, liquidado ao comercializador e consumidor directo c do sistema eléctrico balear j.

DSVKABLE(c,h,j): desvío calculado como a diferenza entre a medida de enerxía intercambiada co sistema eléctrico balear j, ECABLE(h,j) e o programa de intercambio co



dito sistema, liquidado ao comercializador e consumidor directo c do sistema eléctrico balear j.

A enerxía redespachada no sistema peninsular ao programa do enlace co sistema balear por restricións ao programa base de funcionamento, ao mercado intradiario ou en tempo real, termo RTCABLE(c,h,j), liquidarase ao prezo establecido para estes redespachos no correspondente procedemento de operación peninsular.

O desvío do programa do cable no sistema peninsular, termo DSVCABLE(c,h,j), liquidarase ao prezo dos desvíos na península, conforme o disposto no correspondente procedemento de operación peninsular.

#### *6. Significados dos termos empregados nas fórmulas*

Todos os termos empregados nas fórmulas que se recollen no presente anexo e que non foron definidos terán o significado que se lles deu no capítulo IV da Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo, pola que se aproban o método de cálculo do custo de cada un dos combustibles utilizados e o procedemento de despacho e liquidación da enerxía nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.